

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 8 XANEIRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día oito de xaneiro de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, don Francisco Xabier Carreira Sebio.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centrón e Don Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 2 de Xaneiro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CEMITERIOS.-

Visto o escrito de Dona Mercedes Iglesias Mosquera, con domicilio en Ribadavia, no que interesa autorización para colocación de lápida conmemorativa da sepultura terrea nº 98 do Cemiterio Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó interesado, pero recordándolle que tal colocación non suporá dereito de propiedade sobre a devandita sepultura.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“ Da Confederación Hidrográfica do Norte, comunicando Resolución do expte. De inscrición no rexistro de augas do aproveitamento mediante o pozo denominado “A Figueiriña” sito en Santo André, a nome de Don Javier Diéguez Villanueva”.

-“ Da Confederación Hidrográfica do Norte, comunicando Resolución do expte. De inscrición no rexistro de augas do aproveitamento mediante o pozo denominado “Da Casa” sito en Santo André, a nome de Don Javier María Martínez Galán”.

-“ Da Confederación Hidrográfica do Norte, comunicando Resolución do expte. De inscrición no rexistro de augas do aproveitamento mediante o pozo denominado “A Viña” sito na rúa Martínez Vázquez, Ribadavia, a nome de Don Alfonso Manuel Casanovas Iglesias”.

-“ Da Vicepresidencia da Igualdade e Benestar comunicando Resolución denegatoria de subvención solicitada para proxectos de igualdade de oportunidades de mulleres e homes e eliminación de violencia de xénero”.

-“ Da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, comunicando resolución do expediente sancionador nº S-O 01/06, relativo a construción dunha vivenda no contorno de protección da igrexa de San Pedro de Sanin”.

-“ Da Unión Provincial de Ourense de CSI-CSIF , comuniando preaviso de eleccións sindicais do persoal laboral deste Concello, promovida pola CSIF-CC.OO-UGT E CIG”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

GRATIFICACION.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a Don Ramón Docampo Rodríguez unha gratificación de 72,12 euros, polos servizos de vixilancia e control nas feiras durante o ano 2006.

APROBACION DE CONTRATO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Contrato de Consultoría e Asistencia Técnica con Don Manuel García Valdeiras, para a realización do servizo de asesoramento arqueolóxico para a Oficina de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia para o ano 2007”.

APROBACION DE CONVENIO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Agrupación Deportiva Escolar “O Ribeiro” para o uso das instalacións deportivas municipais”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.